



EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DOCENTE E DE APOIO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN-EMPREGO DENOMINADO “MAIV TALENTO MOZO 2026”

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen como finalidade establecer o sistema, procedemento, requisitos criterios de valoración e, de ser o caso, probas que rexerán os procesos de selección do persoal docente e de apoio necesario para a execución do Programa de Formación-Emprego “MAIV TALENTO MOZO 2026”, promovido pola MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO (MAIV) e financiado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao abeiro da Orde do 9 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 (código de procedemento TR353B).

Respéctanse polo tanto o establecido na Resolución de concesión da subvención de data 15/07/2026 da Dirección Territorial de Pontevedra e a circular de data 17/04/2026, sobre instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo (convocatoria 2026-2027), asinada electronicamente con data 20/04/2026 pola Directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

A finalidade deste proxecto é mellorar a ocupabilidade das persoas de dezoito ou máis anos incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral, mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social.

En concreto, o proxecto “MAIV TALENTO MOZO 2026” é un programa de emprego cunha duración de 12 meses que ten como obxectivo dar emprego e cualificación a un total de 12 persoas (alumnado-traballador), mellorando as súas posibilidades de inserción laboral, nas dúas especialidades seguintes:

- o Marketing Dixital (que inclúe a formación no certificado de profesionalidade COMM0112: Xestión de marketing e comunicación).
- o Dinamización de proxectos de desenvolvemento local (que inclúe a formación no certificado de profesionalidade SSCB0109: Dinamización comunitaria).

As presentes bases establecerán un marco común aplicable aos diferentes procesos de selección que se poidan realizar para a cobertura dos perfís profesionais ou postos de traballo vinculados ao programa.

SEGUNDA.- ENTIDADE CONTRATANTE

Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo.



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



TERCEIRA.- CARACTER URGENTE DO PROCEDEMENTO

Tendo en conta que o programa de formación-emprego “MAIV TALENTO MOZO 2026” conta xa coa correspondente resolución de concesión da subvención e que a súa correcta execución require dispoñer do persoal necesario para o desenvolvemento das actuacións formativas e de acompañamento previstas no proxecto con anterioridade ao 15 de outubro de 2026 en todo caso, resulta necesario axilizar a tramitación do presente expediente de selección e declárase a tramitación urgente do presente procedemento selectivo.

A urxencia vén motivada pola necesidade de asegurar a correcta execución dos programas e evitar a perda total ou parcial das subvencións concedidas, así como garantir o cumprimento dos obxectivos formativos e de inserción laboral previstos na normativa reguladora dos respectivos programas de emprego e formación.

En consecuencia, sendo preciso non demorar a tramitación para evitar a perda da subvención conseguida, considérase xustificada a aplicación ao presente expediente da tramitación de urxencia prevista no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, polo que os prazos establecidos nas presentes bases axustaranse ao principio de celeridade, sen prexuízo do respecto aos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.

CUARTA.- POSTOS DE TRABAJO A CUBRIR

Convócanse inicialmente as seguintes prazas:

- 1 experto/a docente para a especialidade de marketing e comunicación, xornada completa
- 1 experto/a docente para a especialidade de dinamización comunitaria, xornada completa.

Nun principio, estes 2 postos indicados cubriranse durante un total de doce (12) meses, que é a duración do programa de emprego, sen que poidan exceder a data de remate do mesmo, incluídas as vacacións que lle correspondan. No caso de que algún dos expertos docentes seleccionados non cumpran os requisitos para impartir todos os certificados ou módulos formativos da especialidade, poderase modificar a duración do contrato, e/ou a xornada, en función dos certificados que o experto docente seleccionado vaia a impartir, e en consecuencia poderase contratar máis dun docente por especialidade.

Ademais, estas mesmas bases rexerán tamén a contratación temporal e a xornada parcial, sempre que sexa preciso, dos seguintes perfís/postos de traballo:

- 1 Administrativo/a

As funcións, requisitos e características de cada posto relaciónanse no anexo I de bases específicas.

QUINTA.- CARACTERÍSTICAS DA CONTRATACIÓN

A Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo, como entidade promotora do programa de formación-emprego “MAIV TALENTO MOZO 2026”, formalizará por escrito no modelo oficial



EMPREGO
GALICIACofinanciado pola
Unión EuropeaMINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL
SEPESistema Nacional de
Garantía Juvenil

Fondos Europeos

correspondente, os contratos de traballo coas persoas que resulten seleccionadas polo órgano de selección, de acordo coas necesidades de persoal do programa.

Os contratos terán carácter temporal e estarán vinculados á execución do programa de formación-emprego “MAIV TALENTO MOZO 2026”, sen que a súa duración poida exceder, en ningún caso, da data de finalización do programa, sen prexuízo das demais limitacións establecidas pola normativa laboral aplicable.

De acordo coas instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego relativas ao procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio dos programas de formación-emprego Talento mozo e tratándose de contratos de duración determinada vinculados a fondos europeos, as contratacións formalizaranse mediante os códigos 406 e 506, segundo corresponda.

A modalidade contractual concreta, a duración, a xornada e demais condicións da relación laboral determinaranse na correspondente oferta de emprego e/ou convocatoria e formalización contractual, de acordo coas necesidades do programa, coa resolución de concesión da subvención e coa normativa laboral e administrativa aplicable.

As persoas contratadas quedarán adscritas á execución do proxecto “MAIV TALENTO MOZO 2026” e estarán suxeitas ás instrucións e directrices da Mancomunidad de Área Intermunicipal de Vigo que resulten necesarias para o correcto desenvolvemento das súas funcións, dentro do marco da normativa aplicable.

SEXTA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

As presentes bases reguladoras do proceso de selección do persoal docente e administrativo do Programa de formación-emprego denominado “MAIV Talento Mozo 2026”, unha vez aprobadas pola entidade promotora, serán expostas ao público no taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidad de Vigo (www.maiv.org) na sección “novas” da páxina de inicio e no apartado “ofertas de emprego”.

Tamén serán remitidas ao departamento territorial correspondente e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego correspondente, tal como se establece nas instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo (convocatoria 2026-2027).

Asemade, esas mesmas instrucións establecen que, no caso de optar a entidade promotora pola oferta de emprego as ofertas de emprego tramitaranse serán obxecto de difusión a través do Portal de Emprego de Galicia (emprego.xunta.gal).

Rematado o procedemento de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e ao departamento territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas para cada posto.

Igualmente, todas as fases do proceso, así coma os resultados das distintas fases, iranse dando a coñecer no taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidad de Vigo.

MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



A publicación de información de carácter persoal na páxina web da Mancomunidade será posible baixo a consideración de que as persoas aspirantes, ao asinar a instancia na que solicitan tomar parte no proceso, se someten e aceptan todas as cláusulas establecidas na convocatoria. Os restantes usos dos datos persoais contidos nas solicitudes, así como todo o desenvolvemento dos procesos selectivos, será de carácter interno e uso restrinxido, de acordo coa normativa vixente en materia de protección dos datos de carácter persoal.

Segundo o establecido nas instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo (convocatoria 2026-2027), na admisión de persoas candidatas ao proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio poderán empregar a oferta de emprego tramitada pola Oficina pública de emprego, a convocatoria pública ou ambas.

Tamén establece que as bases deberán ser remitidas ao departamento territorial correspondente e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite as ofertas de emprego así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web do concello de Redondela.

SÉTIMA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

7.1. Requisitos comúns

Con carácter xeral, para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, ademais dos establecidos nas bases específicas para cada posto:

- a) Ser español/a. As persoas nacionais dos demais estados membros da Unión Europea e as persoas estranxeiras residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións que as/os españolas/españóis a aqueles sectores da función pública aos que segundo o Dereito Comunitario sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. Deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todas as persoas aspirantes, mediante tarxeta acreditativa orixinal ou fotocopia, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto á que aspiran e non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- d) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO PÚBLICO
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

e) Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.

6.2. Requisitos específicos:

Os previstos nas bases específicas para cada posto establecidas no anexo I destas bases.

No caso dos expertos docentes, será imprescindible acreditar a competencia docente en relación ao establecido no artigo 168 do Real Decreto 659/2023.

A posesión destes requisitos condicionarán a admisión das persoas candidatas ao proceso selectivo. As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos tanto na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes como na data de formalización do contrato de traballo.

6.3. Limitación da participación

Non poderán participar neste proceso, quedando excluídos/as automaticamente do mesmo as persoas traballadoras que nun período de vinte e catro meses houberan estado contratadas pola Mancomunidad de Vigo durante un prazo ao que sumado a totalidade ou parte do tempo desta contratación puidera resultar máis de dezoito meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos temporais, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada; de conformidade co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 24 de marzo e no Real Decreto-Lei 10/2011, de 26 de agosto e o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

OITAVA.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

O órgano de selección axustase ao establecido nos artigos 60 e 61 do Estatuto Básico do Empregado Público, e quedará integrado polas persoas que sexan designadas pola Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, de conformidade coa normativa aplicable.

Todas as persoas integrantes do órgano de selección deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso aos postos obxecto de selección, atendendo especialmente á natureza e características dos diferentes perfís profesionais.

O nomeamento dos membros titulares e posibles suplentes que constituirán o órgano de selección realizarase por decreto da Concelleira Delegada da MAIV entre o persoal da propia entidade promotora (MAIV) ou dalgún dos concellos integrantes da mesma.

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do Programa de formación-emprego “MAIV TALENTO MOZO 2026” poderá formar parte do órgano encargado da selección nin auxiliar á mesma nas tarefas de selección. A pertenza ao órgano de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

As persoas integrantes do órgano de selección terán voz e voto. O órgano de selección considerarase validamente constituído e poderá actuar de conformidade coas regras establecidas na normativa



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



reguladora do réxime xurídico do sector público para os órganos colexiados, sendo necesaria, en todo caso, a presenza das persoas que exerzan a Presidencia e a Secretaría. O órgano de selección axustará o seu funcionamento ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O órgano de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especializados, se o estima necesario, limitándose estes asesores a prestar a súa colaboración asesorando aos membros do órgano de selección nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto.

O órgano de selección encargarse da selección das persoas candidatas e terá como funcións a valoración dos méritos alegados na fase de baremación, así como a realización e valoración das entrevistas ou probas que se establezan, coordinando o desenvolvemento de todo o proceso de selección. Igualmente, queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación e interpretación das normas contidas nestas bases e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas bases de convocatoria e a normativa aplicable.

As resolucións do órgano de selección nomeado para a selección do equipo docente e de apoio do Programa de formación-emprego “MAIV Talento Mozo 2026” vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do órgano de selección que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia da persoa interesada, deberá propoñerlle ao/á presidente/a a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

NOVENA.- SISTEMA DE ADMISIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS

O sistema de admisión de candidatos/as será o de **oferta de emprego**, que será elaborada pola Mancomunidad de Vigo e tramitada na correspondente oficina de emprego por razón de domicilio (Oficina de emprego de López Mora) e será obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia, tal como establece a orde reguladora e as Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo (Convocatoria 2026-27) da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego:

“Na admisión de persoas candidatas ao proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio poderase empregar a oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, a convocatoria pública ou ambas.

....

A determinación de cal será o sistema de admisión que se aplicará, queda a criterio de cada entidade promotora atendendo ás peculiaridades do proxecto formativo e de cada un dos postos de traballo a cubrir”.

En función das presentes bases e unha vez aprobadas, a MAIV presentará unha oferta de emprego tipo A ordinario ante o Servizo Público de Emprego de Galicia, na que se indicarán os seguintes parámetros de sondaxe:

Xacobeo  2027

 MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO
ESTATAL
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

- Número de candidatos a remitir: CINCO (5) por posto. Todos deben cumprir os requisitos mínimos establecidos nestas bases (e non caso do persoal docente, estar acreditados).

- Ámbito xeográfico: o correspondente aos concellos que integran a Mancomunidade de Vigo. No caso de non atoparse candidatos suficientes neste ámbito territorial, ampliarase a sondaxe cos mesmos requisitos, á provincia de Pontevedra.

- Forma, lugar e prazo no que as persoas candidatas presentarán a solicitude de participación (segundo o modelo anexo II destas bases) e a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos e dos méritos alegados: indicárase na propia oferta.

A oficina de emprego do SPEG encargárase de preseleccionar as persoas candidatas que participarán no proceso de selección a través deste sistema e poderá facer a comprobación do cumprimento dos requisitos mínimos esixidos na convocatoria, co fin de enviar á entidade promotora só os candidatos que cumpran o establecido na base sexta e así evitar novas peticións de sondaxe. Unha vez feita a preselección, convocará aos/ás candidatos/as que resulten da sondaxe comunicándolles a forma, lugar e prazo no que as persoas candidatas presentarán (segundo o indicado na oferta que se presente) e remitirá á Mancomunidade os resultados da oferta coas listaxes das persoas candidatas para cada posto convocado.

Excepcionalmente, no caso de non contar cun mínimo de tres persoas candidatas por posto que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases para participar no proceso de selección a través deste sistema, a entidade promotora poderá acordar a realización dunha convocatoria pública para aqueles postos nos que non exista un número suficiente de persoas candidatas.

No caso de abrirse o proceso de selección mediante convocatoria pública, e atendendo ás instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, ás circunstancias concretas do posto e, especialmente, ás necesidades e á urxencia na súa cobertura, a Mancomunidade procederá á publicación dun anuncio na páxina web da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (www.maiv.org) e no apartado “ofertas de emprego” da propia web, indicando o posto, os requisitos, o prazo e as condicións para participar no proceso selectivo. Igualmente, para unha maior difusión, tamén se poderá publicitar por medio da inserción dun anuncio nun dos diarios de maior circulación da provincia, sen prexuízo de que se poidan utilizar outros medios que permitan unha maior difusión da citada convocatoria.

DÉCIMA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas candidatas preseleccionadas pola Oficina de Emprego que desexen participar no proceso, deberán presentar a solicitude de participación no modelo que se incorpora ás presentes bases como anexo II, debidamente cuberta e asinada.

As solicitudes (anexo II) poderanse presentar de calquera das seguintes formas:

- Presencialmente no Rexistro Xeral da Mancomunidade
- Por rexistro electrónico, ben a través do Rexistro Electrónico Xeral do Goberno (<https://reg.redsara.es/es/>), escollendo no campo “código e nome do organismo ou entidade” a opción “L05360007 Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo”, ben a través do enlace ao

Xacobeo 2027



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



dito rexistro habilitado na sede electrónica ubicada na páxina web da entidade (<https://www.maiv.org/?sec=167>)

c) Nas formas que indica o art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas pola persoa funcionaria de Correos antes de seren certificadas.

Neste caso, deberán comunicar tamén esta circunstancia, mediante correo electrónico (info@maiv.org) no mesmo día da súa presentación (que deberá estar sempre dentro do prazo) co fin de axilizar o citado proceso de selección. Nesta comunicación deberá remitirse o xustificante de envío en tempo e forma. Este trámite é obrigatorio e excluínte.

d) Telematicamente, a través do envío en prazo da instancia de solicitude, ao correo electrónico da Mancomunidad de Vigo info@maiv.org. Neste caso, a persoa solicitante recibirá confirmación da presentación da súa solicitude e copia rexistrada da mesma no Rexistro Xeral da Mancomunidad, mediante o envío dun correo electrónico ao mesmo enderezo de correo electrónico que usou o/a solicitante para a remisión da documentación.

Por razóns de eficiencia, axilidade e seguridade na tramitación do procedemento, no caso de presentación electrónica da documentación (envío a través do rexistro electrónico ou por correo electrónico info@maiv.org), esta deberase presentar, no posible, nun único arquivo ou documento e deberase presentar unha relación ordenada de toda a documentación que inclúe (a documentación que se inclúa no arquivo deberá seguir a orde establecida na relación). No caso de ser necesario presentar varios arquivos coa documentación que sexa obxecto de baremación, os arquivos ou documentos anexados deberán identificarse, dándolle un nome que claramente defina o contido de cada un deles.

Por outro lado, no caso da presentación da oferta de emprego en oficina de emprego e de cara a garantir que todas as persoas candidatas dispoñan da información precisa, a Mancomunidad de Vigo tamén poderá chamar telefonicamente aos/ás candidatos/as resultantes do proceso de sondaxe para informarlles do día e hora en que deberán presentarse na sede da Mancomunidad de Vigo (Vía Hispanidade, 17) para poder entregar a documentación e participar nas probas de selección.

Xunto coa solicitude (anexo II) de participación no procedemento, debidamente cuberta e asinada, deberá presentarse a seguinte documentación:

- Copia simple do documento nacional de identidade (DNI) ou tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Copia simple do título esixido e xustificante dos demais requisitos mínimos esixidos para cada praza.
- Informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería xeral da Seguridade Social, con expresión do grupo de cotización e dos períodos cotizados.
- Copia simple da documentación acreditativa dos méritos alegados para a fase obxectiva de valoración de méritos, que, para seren tidos en conta, deberán acreditarse de conformidade co establecido no punto 3 da base décimo primeira desta convocatoria. Só se terán en conta os méritos alegados e acreditados coa solicitude. De non ter presentada a documentación

 Xacobeo 2027

 MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

xustificativa do mérito que se desexa alegar no prazo indicado, este non se terá en conta a efectos da súa puntuación. Soamente se permite solicitar a emenda da acreditación defectuosa do mérito.

Non se admitirán as fotografías da documentación, debendo presentarse as mesmas en formato .pdf no caso da presentación electrónica.

Neste mesmo suposto e de non acudir a oferta pública, rematado o prazo de recepción fixado, todos/as os/as candidatos/as remitidos polo Servizo público de emprego que presentaran a solicitude de participación debidamente cuberta e a documentación acreditativa de que cumpren os requisitos mínimos establecidos nestas bases pasarán a formar parte do listado provisional de admitidos/as, que se publicará no taboleiro de anuncios da Mancomunidade e na páxina web www.maiv.org.

No caso de que, no transcurso do proceso puidese desprenderse que non posúen algún dos requisitos, o persoal interesado decaerá de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación neste procedemento.

O persoal da Mancomunidade de Vigo e o órgano de selección do proceso poderán, en calquera momento, requirir ás persoas interesadas que acheguen os orixinais dos documentos que presenten aos efectos de verificar a súa correspondencia coas copias achegadas.

A relación provisional de persoas candidatas admitidas e excluídas, xunto coa causa da súa exclusión, para cada un dos postos exporase no taboleiro de anuncios da Mancomunidade de Vigo e na súa páxina web, no enderezo [www.maiv.org/institución/ofertas de emprego](http://www.maiv.org/institución/ofertas-de-emplego).

As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a emendar, no prazo de dous (2) días hábiles, a contar dende a publicación da dita relación.

No suposto de que non se presenten alegacións nin solicitudes de emenda, a lista provisional entenderase elevada automaticamente a definitiva. De haber reclamacións e resoltas estas, aprobarase a lista definitiva que se publicará igualmente no taboleiro de anuncios da Mancomunidade de Vigo e na súa páxina web.

Xunto con esta relación, indicarse o lugar, data e hora na que se convocarán para as probas correspondentes do proceso de selección.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O punto 11º da circular de Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emplego talento mozo (convocatoria 2026-2027), asinada electronicamente con data 20/04/2026 pola Directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, establece o seguinte:

“Con independencia do sistema de admisión de candidatos utilizado por cada entidade promotora, o procedemento pode constar dunha parte subxectiva e outra obxectiva.

No caso de que conste dunha parte subxectiva, como é a entrevista persoal, esta debe ser realizada en primeiro lugar. Despois de rematadas todas as entrevistas, deben facerse públicas as puntuacións



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



das mesmas no mesmo lugar onde foron realizadas as entrevistas, e na páxina web da entidade promotora.

A parte obxectiva, e que é obrigatoria, consiste na valoración de méritos dos candidatos.

Opcionalmente, a entidade promotora poderá establecer, unha fase na que se realizarán probas de aptitude e/ou coñecemento.”

Respecto das probas subxectivas (entrevista persoal), as citadas instrucións establecen no punto 13º o seguinte: “A dita entrevista, que terá por finalidade determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, non será eliminatoria e corresponderalle unha puntuación equivalente ao 20% (no caso de que se practique algún tipo de proba ademais da valoración de méritos) ou 35% (se só se ten en conta a valoración de méritos) da puntuación total máxima do proceso selectivo.”

11.1. Sistema de selección

En base ao anterior, o sistema de selección para o persoal docente que se contrate para a execución do Programa de formación-emprego “MAIV TALENTO MOZO 2026” constará de dúas fases:

- Entrevista persoal
- Fase de baremación

11.2. Primeira fase: entrevista persoal

A entrevista persoal terá por finalidade valorar a adecuación da persoa candidata ao posto de traballo e ao proxecto formativo, así como o seu interese, aptitudes, capacidades e coñecementos relacionados coas funcións que deberá desenvolver.

A entrevista versará exclusivamente sobre aspectos relacionados co posto de traballo ofertado (coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas necesarias), coas funcións a desenvolver e coas características e obxectivos do programa “MAIV TALENTO MOZO 2026”.

A entrevista terá unha puntuación máxima de **10 puntos**, distribuídos do seguinte xeito:

- a) Adecuación ao posto e coñecemento das funcións a desenvolver / Coñecemento da especialidade formativa ou do programa de formación a impartir, no caso dos docentes / Coñecemento de ferramentas ofimáticas, no caso do persoal administrativo: ata 4 puntos.
- b) Aptitudes, capacidades e habilidades e relacionadas co desempeño do posto: ata 3 puntos.
- c) Coñecemento e comprensión das características, obxectivos e metodoloxía do Programa de formación-emprego : ata 2 puntos.
- d) Interese, motivación e disposición para participar no desenvolvemento do proxecto: ata 1 puntos.

Con carácter xeral, a entrevista non terá carácter eliminatorio.

A entrevista realizarase de forma individual e todas as persoas candidatas ao mesmo posto serán sometidas a unha entrevista de características homoxéneas, utilizando criterios e preguntas relacionados co perfil profesional obxecto de selección.





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

Unha vez rematada a fase de entrevista, o órgano de selección fará pública a puntuación obtida por cada persoa candidata, antes de proceder á valoración dos méritos obxectivos.

De conformidade co establecido nas Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego relativas ao procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio dos programas de formación-emprego Talento mozo, a fase de entrevista ou valoración subxectiva realizarase con carácter previo á aplicación dos criterios obxectivos de valoración.

A puntuación obtida na fase de entrevista deberá facerse pública con carácter previo á publicación da valoración dos méritos obxectivos.

A puntuación na fase de entrevista publicarase nos taboleiros de anuncios da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, así como na súa páxina web, no apartado de “ofertas de emprego” (<https://www.maiv.org/?sec=19>).

Xunto coa publicación dos resultados da entrevista, informarase tamén da data prevista de publicación das puntuacións provisionais da valoración de méritos.

11.3. Segunda fase: valoración dos méritos obxectivos

Unha vez finalizada e publicada a puntuación correspondente á fase de entrevista, o órgano de selección procederá á valoración dos méritos alegados e acreditados polas persoas candidatas, conforme aos baremos establecidos no anexo correspondente para cada perfil profesional.

A valoración dos méritos terá unha puntuación máxima de 20 puntos e realizarase exclusivamente conforme aos criterios e puntuacións previamente establecidos para cada un dos postos nas presentes bases (recollidos nas bases específicas - anexo I), sen que poidan valorarse méritos ou circunstancias non previstos nelas. Non serán valorados aqueles méritos que non estean documentalmente acreditados nin os presentados fóra do prazo establecido nin aqueles que non garden relación cos criterios establecidos para o posto correspondente.

A experiencia profesional e a formación valoraranse atendendo á súa relación directa coas funcións do posto e, no caso do persoal docente, coa especialidade formativa ou certificado profesional que corresponda impartir.

En canto a acreditación dos méritos presentados, terase en conta o seguinte:

a) A experiencia profesional

Só se valorará a experiencia relacionada directamente coas funcións a desenvolver no proxecto e no caso do persoal docente, a experiencia que estea directamente relacionada coa **especialidade formativa que se vai a impartir no proxecto**.

No caso do persoal docente, a experiencia docente nas materias incluídas na especialidade ou certificado de profesionalidade a impartir no Programa de emprego tamén serán obxecto de valoración como mérito, pero unicamente cando quede previamente acreditado o requisito mínimo de experiencia profesional, excluída a experiencia docente, fixado nas bases específicas (anexo I).



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



Nos casos en que se estableza un tempo mínimo de experiencia profesional e/ou docente para acceder ao proceso selectivo (requisitos mínimos establecidos nas bases específicas para cada posto – anexo I), o dito período condicionará a admisión do aspirante á selección pero non poderá ser obxecto de valoración posterior, é dicir, a experiencia alegada só será obxecto de valoración unha vez acreditado o requisito mínimo de experiencia establecido nas bases específicas para o posto correspondente.

Para acreditar os traballos por conta allea, presentarse certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos laborais ou nóminas onde figure a categoría profesional ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectiren claramente a ocupación ou posto desempeñado, a categoría profesional e a duración da relación laboral. Non se terán en conta documentos emitidos por empresas, entidades ou particulares que non teñan carácter oficial.

A experiencia profesional na administración pública poderá acreditarse tamén mediante certificación expedida pola administración pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou, as tarefas realizadas e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.

A categoría a ter en conta será, exclusivamente, a que figure no contrato ou na nómina.

Para acreditar traballos por conta propia (traballadores autónomos), deberá presentarse certificación oficial de vida laboral actualizada, xustificante de alta en actividades económicas (modelo 036/037) ou certificación censual e resolución de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, acompañados os ditos documentos oficiais de facturas ou contratos nos que consten os servizos prestados ou outra documentación que acredite a tipoloxía dos servizos realizados, en función das distintas categorías que establezan os respectivos baremos.

Para acreditar traballos realizados no estranxeiro, será necesario presentar certificación oficial (se fose o caso de certificación noutro idioma, acompañada de tradución xurada) na que conste a ocupación ou profesión desempeñada, a categoría profesional e o tempo de permanencia.

O cómputo da experiencia realizarase por meses completos de traballo, tomando como referencia os datos e períodos de alta que consten no certificado de vida laboral e computándose a experiencia en proporción á xornada laboral efectivamente realizada, e non a atendendo unicamente á duración do contrato.

b) Outras titulacións académicas

Valorarase posuír unha titulación académica ou unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no procedemento selectivo sempre que complemente ou estea relacionada coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado.

A titulacións académicas xustificaranse co correspondente título oficial legalmente expedido, ou no seu defecto, mediante xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo.

A titulación mínima ou requirida como necesaria para a admisión, unicamente se terá en conta para determinar a admisión da persoa candidata, non sendo obxecto de valoración.





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

c) Formación complementaria

A formación acreditarase mediante diplomas, títulos ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo referencia inescusablemente ao número de horas, e debendo constar así mesmo: contidos, datas de realización e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica e selo da entidade. Non se valorarán os cursos nos que no xustificante da súa acreditación (título, diploma ou similar) non apareza de forma clara e inequívoca o número de horas.

Non se terán en conta as asignaturas ou materias aprobadas que formen parte de titulacións académicas, incluídos os máster oficiais e cursos impartidos polas Universidades baixo a denominación de títulos propios, os de doutorado e os derivados de procesos selectivos.

Unicamente se valorarán aqueles cursos de formación impartidos por Administracións Públicas, Universidades públicas, pola Escola Galega de Administración Pública, polo Instituto Nacional de Administración Pública, por outros institutos das Administracións Públicas ou por organizacións sindicais ou outros axentes promotores no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas ou da Fundación Estatal para a Formación e o Emprego (Fundación Tripartita), que deberán ter relación directa coas funcións a desenvolver polas persoas que resulten seleccionadas para as prazas obxecto destas bases.

Os cursos que non especifiquen o número de horas non se contabilizarán. No caso de que no documento aparezan créditos, será necesario presentar a validación en horas.

A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de valoración.

Así mesmo, no caso da formación en informática só se valorará aquela formación complementaria realizada nos últimos 10 anos, a excepción dos estudos oficiais de máster, posgrao, cursos universitarios de especialización e certificados de profesionalidade que terán validez independentemente da súa data de expedición.

No caso de acreditar varios cursos de materias ou contidos similares, só se valorará o que sexa máis favorable para a persoa aspirante. Non se valorarán por separado módulos ou unidades integrantes dun título.

No caso dos cursos de prevención de riscos laborais, só se valorará o superior alegado.

d) Coñecemento do idioma galego

Acreditarase mediante certificacións ou diplomas as titulacións homologados pola Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o curso superior.

A puntuación máxima desta fase de baremación será de **20 puntos**.

Tras rematar o proceso de valoración de méritos, o Órgano de selección publicará as puntuacións provisionais outorgadas ás persoas aspirantes de acordo cos baremos establecidos para cada praza.

As puntuacións provisionais serán obxecto de publicación nos taboleiros de anuncios da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, así como na súa páxina web, no apartado de "A institución/ofertas de emprego" (<https://www.maiv.org/?sec=19>)



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



As persoas aspirantes disporán dun **prazo de dous (2) días hábiles**, contado a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións provisionais, para formular as alegacións que consideren oportunas respecto da baremación realizada. Xunto coa baremación provisional, publicarase tamén o prazo, lugar e forma na que formular as alegacións.

Finalizado o prazo de alegacións, o órgano de selección resolverá as alegacións presentadas e elevará, de ser o caso, a proposta de puntuacións definitivas e de selección das persoas aspirantes que corresponda.

11.4. Criterios para dirimir posibles empates

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas no concurso de méritos, rexerán os seguintes criterios por orde de prelación, establecidos nas Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo (convocatoria 2026-27) da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego con data de sinatura de 20/04/2026:

- a) O maior tempo acreditado en desemprego, no momento da presentación de solicitudes.
- b) Ter completado na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados polas consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.
- c) A puntuación acadada no apartado de experiencia profesional.
- d) A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- e) A puntuación correspondente ás titulacións académicas complementarias.
- f) A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- g) A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- h) O de maior idade

11.5. Puntuación final das persoas aspirantes

Finalizado o prazo establecido no punto 11.3 para formular alegacións, o Órgano de selección resolverá as alegacións presentadas respecto da fase de baremación de méritos, se as houbera e elaborará as correspondentes listaxes coas puntuacións definitivas das persoas aspirantes.

A puntuación final será o resultado da suma das puntuacións obtidas nas fases de entrevista e de baremación de méritos, coa aplicación, de ser o caso, dos criterios de desempate establecidos nestas bases. As puntuacións finais determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes e constituirán a proposta do Órgano de Selección para a contratación das persoas que correspondan pola Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo.

O resultado definitivo do proceso selectivo será exposto nos taboleiros da Mancomunidad de Vigo e da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe, así coma na web da Mancomunidad de Vigo no apartado de ofertas de emprego (<https://www.maiv.org/?sec=19>).





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

DÉCIMO SEGUNDA.- RESULTADO DEFINITIVO DO PROCESO DE SELECCIÓN E CONTRATACIÓN POR PARTE DA ENTIDADE PROMOTORA

Unha vez finalizado o proceso selectivo, o órgano de selección formulará a correspondente proposta de selección para cada un dos postos obxecto das presentes bases, de acordo coa orde de puntuación final obtida polas persoas candidatas.

O resultado definitivo do proceso selectivo incluírá as puntuacións finais obtidas polas persoas participantes, a relación de persoas propostas para a contratación en cada un dos postos e, de ser o caso, a relación de persoas que integran a correspondente lista de reserva, nos termos establecidos na base décimo segunda.

A proposta de selección formulada polo órgano de selección terá carácter vinculante para a entidade promotora no que se refire á orde de prelación das persoas candidatas, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos e da efectiva necesidade de cobertura do posto.

No caso do persoal docente, unha vez elaborada a proposta do candidato ou candidata a contratar para o proxecto, a entidade promotora deberá remitila ao correspondente departamento territorial que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algún dos candidatos proposto non cumprira os ditos requisitos, será substituído pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. A contratación non se poderá facer efectiva en tanto as persoas seleccionadas non sexan validadas polo persoal técnico do departamento territorial.

A Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo procederá á contratación da persoa candidata que, cumprindo os requisitos establecidos, obtivese a maior puntuación final para cada posto que deba ser efectivamente cuberto, de acordo coas necesidades do programa e coa correspondente proposta do órgano de selección.

As persoas candidatas propostas para a contratación deberán comunicar por escrito á entidade promotora a súa aceptación ou renuncia ao posto, no prazo máximo de 48 horas, contado desde a publicación do resultado definitivo do proceso selectivo, mediante o modelo que figura como anexo III das presentes bases.

No caso de que a persoa candidata proposta non comunique a súa aceptación dentro do prazo establecido, entenderase que renuncia ao posto, salvo causa debidamente xustificada e apreciada pola entidade promotora.

En caso de renuncia, ou cando a persoa proposta non reúna finalmente os requisitos necesarios para a contratación, a proposta recaerá na seguinte persoa candidata da lista, segundo a orde de prelación establecida, que deberá igualmente comunicar a súa aceptación ou renuncia no prazo establecido.

As persoas propostas para a contratación que acepten o posto deberán presentar, con carácter previo á formalización do contrato, a documentación orixinal ou copia auténtica que corresponda acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos para o posto, así como dos méritos alegados e valorados na fase de baremación, para a súa comprobación e, de ser o caso, cotexo coa documentación presentada durante o proceso selectivo.

Xacobeo 2027



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



A non presentación da documentación requirida, a existencia de discrepancias entre a documentación presentada e os datos alegados no proceso selectivo ou o incumprimento dalgún dos requisitos esixidos poderá dar lugar á perda do dereito á contratación, sen prexuízo das demais consecuencias que, de ser o caso, procedan.

A contratación estará, en todo caso, condicionada ao cumprimento dos requisitos establecidos na normativa aplicable, á efectiva necesidade de cobertura do posto e á existencia de crédito e financiamento suficiente para a súa contratación, así como ás restantes condicións derivadas da resolución de concesión da subvención e da normativa reguladora do programa.

DÉCIMO TERCEIRA.- LISTA DE RESERVA

Rematado o proceso selectivo, o órgano de selección elaborará unha lista de reserva para cada un dos postos obxecto da convocatoria, integrada polas persoas candidatas que, cumprindo os requisitos establecidos e tendo superadas, de ser o caso, todas as fases do proceso selectivo, non resulten propostas para a contratación.

As persoas integrantes de cada lista de reserva quedarán ordenadas segundo a puntuación final obtida no proceso selectivo, de maior a menor, aplicándose, en caso de empate, os criterios de desempate establecidos nas presentes bases.

As listas de reserva terán por finalidade cubrir as necesidades de persoal que poidan xurdir respecto do correspondente posto durante a execución do programa “MAIV TALENTO MOZO 2026”, en particular no caso de renuncia, baixa, cesamento ou calquera outra circunstancia que determine a vacante do posto inicialmente cuberto, sempre que resulte necesario proceder á súa cobertura.

No caso de producirse unha vacante, a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo ofrecerá o posto á primeira persoa dispoñible da lista de reserva correspondente, seguindo estritamente a orde de puntuación establecida.

A persoa chamada deberá comunicar a súa aceptación ou renuncia ao posto no prazo que lle sexa indicado pola entidade promotora. No caso de renuncia, de non aceptar o posto dentro do prazo establecido ou de non cumprir os requisitos necesarios para a contratación, procederase ao chamamento da seguinte persoa da lista.

As listas de reserva terán vixencia ata a finalización do programa “MAIV TALENTO MOZO 2026”, salvo que se produza a súa extinción por calquera outra causa legalmente procedente.

A pertenza á lista de reserva non xerará por si mesma dereito á contratación, quedando esta condicionada á existencia dunha necesidade efectiva de cobertura do posto, ao cumprimento dos requisitos esixibles, á dispoñibilidade orzamentaria e de financiamento e ás demais condicións establecidas pola normativa aplicable e pola resolución de concesión da subvención.

No caso de que se esgote a lista de reserva dun determinado posto, ou non existan persoas candidatas dispoñibles que cumpran os requisitos necesarios para a súa contratación, a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo poderá iniciar un novo proceso de selección de acordo co procedemento establecido nas presentes bases e coa normativa aplicable.





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO
ESTATAL
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME DE IMPUGNACIÓN

Contra este acto de aprobación das presentes bases caberá a interposición de recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ou directamente recurso contencioso-administrativo ante sección do contencioso-administrativo do Tribunal de instancia de Vigo no prazo de dous meses.

Contra a Resolución da concelleira delegada da MAIV aprobatoria das listas definitivas, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 112 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso-Administrativo perante sección do contencioso-administrativo do Tribunal de instancia de Vigo no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Contra a decisión adoptada polo Tribunal de selección aprobando a lista definitiva de puntuacións caberá a interposición de recurso de alzada ante a Concelleira delegada da MAIV (segundo Resolución de delegación de atribucións da Presidencia publicada no BOP núm. 149 de data 3 de agosto de 2023), segundo o disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou directamente recurso contencioso-administrativo perante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de instancia de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

Os actos administrativos que deriven destas bases e as actuacións dos tribunais, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O órgano de selección queda facultado para resolver as dúbidas, incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección establecido nestas bases e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso ao amparo da lexislación vixente.

Xacobeo 2027



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



ANEXO I BASES ESPECÍFICAS

1. POSTO DE TRABAJO: EXPERTO DOCENTE EN MARKETING E COMUNICACIÓN

1.1. Categoría / grupo profesional:

Grupo A2 - Grupo profesional 2

1.2. Duración de contrato e xornada:

12 meses ou a correspondente á duración do programa de emprego-formación TALENTO MOZO 2026.

Xornada completa

1.3. Retribucións brutas:

A retribución bruta será de 26.956,94 euros/ano, incluídos todos os conceptos salariais.

1.4. Requisitos específicos para o posto:

En base ao establecido no artigo 168 do RD 659/2023, do 18 de xullo e as súas modificacións posteriores introducidas polo Real Decreto 658/2024 do 9 de xullo de 2024, ademais dos requisitos establecidos no apartado 6 da parte xeral destas bases, deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Estar en posesión de título do grao universitario, licenciado/a, diplomado/a en Marketing, Comunicación, formación universitaria de posgrao especializada ou outras titulacións universitarias que incorporen nos seus plans de estudo contidos vinculados coa formación a impartir no certificado profesional de *COMM0112: Xestión de marketing e comunicación*.
- Demostrar unha experiencia profesional mínima de UN (1) ano en traballos relacionados coa especialidade formativa respectiva (marketing e comunicación), á marxe de labores puramente docentes.

O cómputo da experiencia realizarase tendo en conta o establecido no apartado 3 da base décimo primeira, de acordo cos datos reflectidos no certificado de vida laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato, é dicir, no caso de requirirse, como neste caso, un ano de experiencia para o posto, este período de ser a xornada completa e se o contrato fose a media xornada, por exemplo, serían necesario acreditar 2 anos de experiencia.

Para acreditar os traballos por conta allea, presentarase certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos laborais ou nóminas onde figure a categoría profesional ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectiren claramente a ocupación ou posto desempeñado, a categoría profesional e a duración da relación laboral. Non se terán en conta documentos emitidos por empresas, entidades ou particulares que non teñan carácter oficial.





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

A experiencia profesional na administración pública poderá acreditarse tamén mediante certificación expedida pola administración pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou, as tarefas realizadas e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.

- Acreditar competencia docente: dispoñer do Certificado profesional de habilitación para a docencia en graos A, B e C do Sistema de Formación Profesional ou titulacións equivalentes (máster do profesorado, Certificado de Aptitude Pedagóxica, titulación universitaria en pedagogía, psicopedagogía, maxisterio), segundo o establecido na nova redacción do artigo 168 do RD 659/2023 polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional (apartado quince do Real Decreto 658/2024, de 9 de xullo que modifica o RD 659/2023).

1.5. Funcións a desenvolver:

- Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
- Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
- Organizar os traballos a realizar polo alumnado traballador, cumprindo os obxectivos marcados pola entidade promotora.
- Xestionar os equipos de traballo no seu traballo diario, asignando tarefas e recursos.
- Apoiar, incentivar e motivar ao alumnado traballador para que se sintan comprometidos co proxecto e cos obxectivos do mesmo.
- Responsabilizarse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Poderán ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

1.6. Valoración de méritos. Baremo para o posto de experto/a docente para a especialidade de marketing e comunicación:

1.6.a) Outras titulacións académicas complementarias, que complementen ou estean relacionadas coas funcións a desenvolver no posto de traballo..... **max. 1 punto.**

Valoraranse as titulacións académicas oficiais sempre que sexan distintas ás esixidas como requisito mínimo para o acceso ao posto de traballo ao que se concursa e sexan de igual ou superior nivel académico, de acordo co seguinte baremo:

- Titulación universitaria de doutor: 1,00 puntos
- Titulación universitaria oficial de arquitectura, enxeñería, licenciatura ou equivalente: 0,80 puntos.
- Master universitario oficial: 0,70 puntos



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



- d) Titulación universitaria oficial de graduado: 0,60 puntos
e) Titulación universitaria oficial de diplomatura universitaria, enxeñería técnica ou arquitectura técnica ou equivalente: 0,50 puntos

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

Non se valorarán neste apartado como “outra titulación”, o título que fose necesario para a obtención do título alegado como requisito para la convocatoria.

1.6.b) Experiencia profesional..... max. 14 puntos.

Experiencia en EO/CO/OE/PE (*) na especialidade	0,15 por mes
Outra experiencia profesional relacionada coa especialidade	0,10 por mes
Experiencia como docente en materias relacionadas coa especialidade	0,08 por mes

(*) Escolas obradoiro, casas de oficio, obradoiros de emprego e Programas de Emprego para persoas mozas

Só se valorará a experiencia profesional que estea acreditada segundo establece a base 11.3.a, nunha categoría mínima de oficial 1ª (a categoría a ter en conta será, exclusivamente, a que figure na vida laboral e no contrato ou na nómina). Non se valorará neste apartado a experiencia profesional e/ou docente esixida como requisito mínimo para acceder ao proceso selectivo.

En todo caso, deberá terse en conta que a mesma experiencia profesional non pode ser valorada en dous ou máis apartados. Só se valorará a experiencia relacionada directamente coas funcións a desenvolver no proxecto e coa especialidade formativa (certificado profesional ou módulos/materias/contidos incluídos no mesmo) ou a actividade a desenvolver no proxecto formativo.

1.6.c) Cursos relacionados coas funcións propias a desenvolver no posto de traballo, de acordo co establecido nas Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo (convocatoria 2026-27) da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego con data de sinatura de 20/04/2026 max. 3,5 puntos.

Formacion relacionada co posto

Cursos de 20 a 49 horas	0,10
Cursos de 50 a 99 horas	0,25
Cursos de 200 a 599 horas	0,50
Cursos a partir de 600 horas	0,75

Formación en prevención de riscos (só se valorará o superior alegado)

Curso básico	0,10
Curso medio	0,30
Curso superior	0,60

Formación informática (*)

Cursos de 20 a 49 horas	0,20
Cursos de 50 a 99 horas	0,40
Cursos a partir de 100 horas	0,50





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO
ESTATAL
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

(*) No caso da formación informática só se valorarán os cursos de duración igual ou superior a 20 horas, de ofimática e doutros contidos relacionados coas funcións a desenvolver, e realizados nos últimos 10 anos, segundo establece a base 11.3.c.

Non se valorarán por separado módulos ou unidades integrantes dun título.

1.6.d) Coñecementos do idioma galego..... max. 1 puntos

Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Secretaría Xeral da Lingua, segundo establece a base 11.3.d.

Certificado de lingua galega C3 ou equivalente....	0,25
Certificado de lingua galega C4 ou equivalente.....	0,50
Certificado de lingua galega C5 ou equivalente.....	0,75
Curso de linguaxe administrativa galega, nivel medio	0,75
Curso de linguaxe administrativa galega, nivel superior	1,00

1.6.e) Situación de desemprego 0,50 puntos

Valorarase esta situación cando a persoa acredite estar inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e carecer de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2. POSTO DE TRABALLO: EXPERTO DOCENTE EN DINAMIZACIÓN COMUNITARIA

2.1. Categoría / grupo profesional:

Grupo A2 - Grupo profesional 2

2.2. Duración de contrato e xornada:

12 meses ou a correspondente á duración do programa de emprego-formación TALENTO MOZO 2026.

Xornada completa

2.3. Retribucións brutas anuais:

A retribución bruta será de 26.956,94 euros/ano, incluídos todos os conceptos salariais.

2.4. Requisitos específicos para o posto:

En base ao establecido no artigo 168 do RD 659/2023, do 18 de xullo e as súas modificacións posteriores introducidas polo Real Decreto 658/2024 do 9 de xullo de 2024, ademais dos requisitos establecidos no apartado 6 da parte xeral destas bases, deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Estar en posesión de título do grao universitario, licenciatura, diplomatura, formación universitaria de posgrao especializada ou titulación universitaria equivalente relacionada co ámbito profesional da dinamización comunitaria ou que incorporen nos seus plans de estudo contidos vinculados coa formación a impartir no certificado do certificado SSCB0109: *Dinamización comunitaria*.



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



- Demostrar unha experiencia profesional mínima de DOUS (2) anos en traballos relacionados coa especialidade formativa respectiva (DINAMIZACIÓN COMUNITARIA), á marxe de labores puramente docentes, como poden ser animador/a comunitario/a, animador/a sociocultural, axente de desenvolvemento social, axente de desenvolvemento local, dinamizador/a comunitario/a, técnico/a comunitario/a ou xestor/a de asociacións.
- O cómputo da experiencia realizarase tendo en conta o establecido no apartado 3 da base décimo primeira, de acordo cos datos reflectidos no certificado de vida laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato, é dicir, no caso de requirirse dous anos de experiencia para o posto, este período de ser a xornada completa; se o contrato fose a media xornada, por exemplo, serían necesario acreditar catro anos de experiencia.

Para acreditar os traballos por conta allea, presentárase certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos laborais ou nóminas onde figure a categoría profesional ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectiren claramente a ocupación ou posto desempeñado, a categoría profesional e a duración da relación laboral. Non se terán en conta documentos emitidos por empresas, entidades ou particulares que non teñan carácter oficial.

A experiencia profesional na administración pública poderá acreditarse tamén mediante certificación expedida pola administración pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou, as tarefas realizadas e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.

- Acreditar competencia docente: dispoñer do Certificado profesional de habilitación para a docencia en graos A, B e C do Sistema de Formación Profesional ou titulacións equivalentes (máster do profesorado, Certificado de Aptitude Pedagóxica, titulación universitaria en pedagogía, psicopedagogía, maxisterio), segundo o establecido na nova redacción do artigo 168 do RD 659/2023 polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional (apartado quince do Real Decreto 658/2024, de 9 de xullo que modifica o RD 659/2023).

2.5. Funcións a desenvolver:

- Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
- Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
- Organizar os traballos a realizar polo alumnado traballador, cumprindo os obxectivos marcados pola entidade promotora.
- Xestionar os equipos de traballo no seu traballo diario, asignando tarefas e recursos.
- Apoiar, incentivar e motivar ao alumnado traballador para que se sintan comprometidos co proxecto e cos obxectivos do mesmo.
- Responsabilizaranse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.

- Poderán ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

2.6. Valoración de méritos. Baremo para o posto de experto/a docente para a especialidade de dinamización comunitaria:

2.6.a) Outras titulacións académicas complementarias, que complementen ou estean relacionadas coas funcións a desenvolver no posto de traballo..... max. **1 punto**.

Valoraranse as titulacións académicas oficiais sempre que sexan distintas ás esixidas como requisito mínimo para o acceso ao posto de traballo ao que se concursa e sexan de igual ou superior nivel académico, de acordo co seguinte baremo:

- a) Titulación universitaria de doutor: 1,00 puntos
- b) Titulación universitaria oficial de arquitectura, enxeñería, licenciatura ou equivalente: 0,80 puntos.
- c) Master universitario oficial: 0,70 puntos
- d) Titulación universitaria oficial de graduado: 0,60 puntos
- e) Titulación universitaria oficial de diplomatura universitaria, enxeñería técnica ou arquitectura técnica ou equivalente: 0,50 puntos

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

Non se valorarán neste apartado como “outra titulación”, o título que fose necesario para a obtención do título alegado como requisito para la convocatoria.

2.6.b) Experiencia profesional..... max. **14 puntos**.

Experiencia en EO/CO/OE/PE (*) na especialidade	0,15 por mes
Outra experiencia profesional relacionada coa especialidade	0,10 por mes
Experiencia como docente en materias relacionadas coa especialidade	0,08 por mes

(*) Escolas obradoiro, casas de oficio, obradoiros de emprego e Programas de Emprego para persoas mozas

Só se valorará a experiencia profesional que estea acreditada segundo establece a base 11.3.a, nunha categoría mínima de oficial 1ª (a categoría a ter en conta será, exclusivamente, a que figure na vida laboral e no contrato ou na nómina). Non se valorará neste apartado a experiencia profesional e/ou docente esixida como requisito mínimo para acceder ao proceso selectivo.

En todo caso, deberá terse en conta que a mesma experiencia profesional non pode ser valorada en dous ou máis apartados. Só se valorará a experiencia relacionada directamente coas funcións a desenvolver no proxecto e coa especialidade formativa (certificado profesional ou módulos/materias/contidos incluídos no mesmo) ou a actividade a desenvolver no proxecto formativo.



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



2.6.c) Cursos relacionados coas funcións propias a desenvolver no posto de traballo, de acordo co establecido nas Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo (convocatoria 2026-27) da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego con data de sinatura de 20/04/2026 **max. 3,5 puntos.**

Formación relacionada co posto

Cursos de 20 a 49 horas	0,10
Cursos de 50 a 99 horas	0,25
Cursos de 200 a 599 horas	0,50
Cursos a partir de 600 horas	0,75

Formación en prevención de riscos (só se valorará o superior alegado)

Curso básico	0,10
Curso medio	0,30
Curso superior	0,50

Formación informática (de coñecementos a nivel usuario)

Cursos de 20 a 49 horas	0,20
Cursos de 50 a 99 horas	0,40
Cursos a partir de 100 horas	0,60

(*) No caso da formación informática só se valorarán os cursos de duración igual ou superior a 20 horas, de ofimática e doutros contidos relacionados coas funcións a desenvolver, e realizados nos últimos 10 anos, segundo establece a base 11.3.c.

Non se valorarán por separado módulos ou unidades integrantes dun título.

2.6.d) Coñecementos do idioma galego..... max. 1 puntos

Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Secretaría Xeral da Lingua, segundo establece a base 11.3.d.

Certificado de lingua galega C3 ou equivalente....	0,25
Certificado de lingua galega C4 ou equivalente....	0,50
Certificado de lingua galega C5 ou equivalente....	0,75
Curso de linguaxe administrativa galega, nivel medio	0,75
Curso de linguaxe administrativa galega, nivel superior	1,00

2.6.e) Situación de desemprego 0,50 puntos

Valorarase esta situación cando a persoa acredite estar inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e carecer de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. POSTO DE TRABAJO: ADMINISTRATIVO/A

3.1. Categoría / grupo profesional:

Grupo C1 - Grupo profesional 5





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

3.2. Duración do contrato e xornada:

12 meses ou a correspondente á duración do programa de emprego-formación TALENTO MOZO 2026.

Xornada parcial (25 horas semanais).

3.3. Retribucións brutas anuais:

A retribución bruta será de 13.011,44 euros/ano, incluídos todos os conceptos salariais.

3.4. Requisitos específicos para o posto:

Ademais dos requisitos establecidos no apartado sétimo destas bases, a persoa aspirante deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Titulación: estar en posesión do título de Bacharelato, Técnico/a ou titulación equivalente, de conformidade co establecido para o grupo profesional correspondente.
- Experiencia: acreditar unha experiencia mínima de DOCE (12) meses, acumulables, no desempeño de tarefas administrativas relacionadas coas funcións propias do posto, tales como xestión e arquivo de documentación, elaboración e tramitación de documentos administrativos, atención ao público, manexo de aplicacións ofimáticas, rexistro e organización de información, etc. O cómputo da experiencia realizarase, de acordo cos datos reflectidos no certificado de vida laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato, é dicir, requiríndose 12 meses de experiencia para o posto, este período de ser a xornada completa e se o contrato fose a media xornada, serían necesario acreditar 24 meses.

A esixencia dunha experiencia profesional mínima responde á natureza das funcións administrativas que deberá desenvolver a persoa contratada, que requiren coñecementos e destrezas previamente adquiridos para garantir o adecuado funcionamento do proxecto desde o seu inicio, especialmente no relativo á xestión documental, tramitación administrativa, seguimento do programa e preparación da documentación necesaria para a súa correcta execución e xustificación.

Para acreditar os traballos por conta allea, presentarase certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos laborais ou nóminas onde figure a categoría profesional ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectiren claramente a ocupación ou posto desempeñado, a categoría profesional e a duración da relación laboral. Non se terán en conta documentos emitidos por empresas, entidades ou particulares que non teñan carácter oficial.

A experiencia profesional na administración pública poderá acreditarse tamén mediante certificación expedida pola administración pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou, as tarefas realizadas e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.

3.5. Funcións a desenvolver:



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



- Realizar as tarefas administrativas e de apoio necesarias para o correcto desenvolvemento e funcionamento do programa de emprego-formación.
- Elaborar, tramitar, rexistrar, clasificar, archivar e custodiar a documentación administrativa relacionada co programa.
- Apoiar na preparación e xestión da documentación correspondente ao alumnado-traballador e ao persoal do programa.
- Realizar tarefas de actualización, organización e mantemento dos expedientes administrativos.
- Apoiar na elaboración dos documentos, informes, comunicacións, relacións e listaxes necesarios para a xestión do programa.
- Realizar o seguimento administrativo da asistencia, permisos, faltas e demais incidencias do alumnado-traballador, de acordo coas indicacións da dirección e do persoal responsable.
- Apoiar a dirección e o persoal técnico na preparación da documentación necesaria para a xustificación e seguimento administrativo e económico do programa ante os organismos competentes.
- Colaborar na preparación e remisión das comunicacións e documentación requirida pola Administración competente en relación co programa.
- Realizar tarefas de introdución, actualización e tratamento de datos en aplicacións informáticas e ferramentas de xestión utilizadas pola entidade promotora e/ou pola Administración.
- Apoiar na xestión da documentación relacionada coa formación, a actividade laboral e o seguimento do alumnado-traballador.
- Atender e canalizar as consultas administrativas do alumnado-traballador e do persoal do programa, dentro do ámbito das súas competencias.
- Realizar tarefas de atención telefónica, presencial e por medios electrónicos relacionadas coa xestión administrativa do programa.
- Apoiar na organización de reunións, actividades, accións formativas e demais actuacións vinculadas ao programa, cando así se lle encomende.
- Manexar as ferramentas ofimáticas e os sistemas de arquivo e xestión documental necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.
- Calquera outra tarefa de carácter administrativo que, dentro do seu ámbito de competencia, lle sexa encomendada pola dirección do programa e resulte necesaria para o correcto desenvolvemento do mesmo.

3.6. Valoración de méritos. Baremo para o posto de administrativo/a

3.6.a) Outras titulacións académicas complementarias, que complementen ou estean relacionadas coas funcións a desenvolver no posto de traballo..... max. **1 punto**.





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPREGO OFICIAL
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

Valoraranse as titulacións académicas oficiais sempre que sexan distintas ás esixidas como requisito mínimo para o acceso ao posto de traballo ao que se concursa e sexan de igual ou superior nivel académico, de acordo co seguinte baremo:

- a) Titulación universitaria de doutor: 1,00 puntos
- b) Titulación universitaria oficial de arquitectura, enxeñería, licenciatura ou equivalente: 0,80 puntos.
- c) Master universitario oficial: 0,70 puntos
- d) Titulación universitaria oficial de graduado: 0,60 puntos
- e) Titulación universitaria oficial de diplomatura universitaria, enxeñería técnica ou arquitectura técnica ou equivalente: 0,50 puntos
- f) Técnico superior: 0,40 puntos

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

Non se valorarán neste apartado como “outra titulación”, o título que fose necesario para a obtención do título alegado como requisito para la convocatoria nin unha titulación superior á alegada como requisito, cando a titulación presentada como requisito fose utilizada para a obtención do título universitario de nivel superior.

3.6.b) Experiencia profesional..... max. 14 puntos.

Unicamente se valorará o posto/ocupación de auxiliar administrativo/a , oficial administrativo/a ou secretario.

Experiencia de traballo administrativo en EO/CO/OE/PE (*) ou AAPP (**)	0,15 por mes
Outra experiencia en traballos administrativos	0,10 por mes

(*) Escolas obradoiro, casas de oficio, obradoiros de emprego e Programas de Emprego para persoas mozas

(**) Administraciones Públicas

Só se valorará a experiencia profesional que estea acreditada segundo establece a base 11.3.a (a ocupación e categoría a ter en conta será, exclusivamente, a que figure no contrato ou na nómina). Non se valorará neste apartado a experiencia profesional e/ou docente esixida como requisito mínimo para acceder ao proceso selectivo.

En todo caso, deberá terse en conta que a mesma experiencia profesional non pode ser valorada en dous ou máis apartados. Só se valorará a experiencia relacionada directamente coas funcións a desenvolver no proxecto e coa especialidade formativa (certificado profesional ou módulos/materias/contidos incluídos no mesmo) ou a actividade a desenvolver no proxecto formativo.

3.6.c) Cursos relacionados coas funcións propias a desenvolver no posto de traballo, de acordo co establecido nas Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo (convocatoria 2026-27) da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego con data de sinatura de 20/04/2026 max. 3,5 puntos.



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



Formacion relacionada co posto

Cursos de 20 a 49 horas	0,10
Cursos de 50 a 99 horas	0,25
Cursos a partir de 100 horas.....	0,50

Formación informática

Cursos de 20 a 49 horas	0,20
Cursos de 50 a 99 horas	0,40
Cursos a partir de 100 horas	0,60

(*) No caso da formación informática só se valorarán os cursos de duración igual ou superior a 20 horas, de ofimática e doutros contidos relacionados coas funcións a desenvolver, e realizados nos últimos 10 anos, segundo establece a base 11.3.c.

Non se valorarán por separado módulos ou unidades integrantes dun título.

3.6.d) Coñecementos do idioma galego..... max. 1 puntos

Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Secretaría Xeral da Lingua, segundo establece a base 11.3.d.

Certificado de lingua galega C3 ou equivalente....	0,25
Certificado de lingua galega C4 ou equivalente.....	0,50
Certificado de lingua galega C5 ou equivalente.....	0,75
Curso de linguaxe administrativa galega, nivel medio	0,75
Curso de linguaxe administrativa galega, nivel superior	1,00

3.6.e) Situación de desemprego 0,50 puntos

Valorarase esta situación cando a persoa acredite estar inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e carecer de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.





EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL
SEPE



Sistema Nacional de
Garantía Juvenil



Fondos Europeos

ANEXO II SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome e apelidos			
DNI / NIE		Data nacemento	
Enderezo			
Concello		CP	
Teléfono fixo		Teléfono móbil	
Correo electrónico			

O/A CANDIDATO/A, cuxos datos constan no apartado anterior, **SOLICITA** ser admitido/a no PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DOCENTE E DE APOIO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN-EMPREGO DENOMINADO "MAIV TALENTO MOZO 2026", promovido pola MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO para o posto de

e DECLARA:

- Que coñezo e acepto integramente o contido das bases reguladoras desta convocatoria, e reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas mesmas, facéndome responsable da veracidade dos datos recollidos nesta instancia e resto da documentación que achego.
- Que non padezo ningunha enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que impida o normal desenvolvemento das tarefas propias do posto.
- Que me comprometo a achegar os documentos acreditativos que se me requiran.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- Fotocopia do DNI/NI
- Copia da titulación académica requirida
- Acreditación da experiencia mínima / capacitación docente requirida.
- Relación de méritos e documentación xustificativa de cada un deles.

Vigo, de de 2026

Sinatura:

INFORMACIÓN ADICIONAL RELATIVA AO TRATAMENTO E PROTECCIÓN DE DATOS (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.A. REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS)

Responsable do Tratamento: Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

En cumprimento da *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)* e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPd, informámoslle que os seus datos, serán tratados co único fin da xestiónar a súa participación no proceso de selección e avaliar o seu perfil para o posto ofertado e xestionar as probas necesarias. Poderá exercer os dereitos que establece o RXPd dirixindo solicitude a este Responsable de Tratamento en avda. Hispanidade, n.º 17 – 36203 Vigo (Pontevedra) ou vía mail ao lopd@maiv.org, e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique. Ao encher este formulario, vostede confirma ter lido esta información e consente o tratamento dos datos cos fins descritos.

Xacobeo 2027



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



ANEXO III

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA

SELECCIÓN DO PERSOAL DOCENTE E DE APOIO DO PROGRAMA DE EMPREGO “MAIV TALENTO MOZO 2026”

Nome e apelidos	
DNI / NIE	
Teléfono/s de contacto	
Correo electrónico	

Como persoa participante no proceso de selección do persoal docente e de apoio do Programa de emprego MAIV Talento Mozo 2026 e seleccionada para a praza de

.....

☐ ACEPTO A PRAZA

☐ RENUNCIO Á PRAZA

tal como establece a base décimo primeira das bases do proceso de selección.

En Vigo , a _____ de _____ de 2026

Sinatura:

Xacobeo  2027

 MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

